



ACORDO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE PERSOAL DIRECTIVO NA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

CÓDIGO: AGDR 05 00 00

DENOMINACIÓN: SUBDIRECTOR/A DE MOBILIDADE DE TERRAS.

PRIMEIRO: A convocatoria da praza foi publicada no DOG número 107, do 7 de xuño de 2023 . Optaron a praza un total de dous candidatos:

Digna Irene López Campos **** 245M

Carlos Alberto Rodriguez Rodriguez ****144N

SEGUNDO : Con data do 20/07/2023, a Directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural resolveu elevar a definitiva a relación provisional de admitidos e excluídos, admitindo a Digna Irene López Campos e excluindo a Carlos Alberto Rodriguez Rodriguez. O motivo da exclusión foi a non presentación dentro do prazo conferido ao efecto da documentación obrigatoria especificada nas bases sexta apartados a) e f) da convocatoria. E que aínda que se presentou con posterioridade non pode ser considerada una emenda.

TERCEIRO: Que o 21/08/2023, Carlos Alberto Rodriguez Rodriguez presentou recurso de alzada contra a devandita resolución que foi desestimado por Resolución do Presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 20/09/2023.

CUARTO: O 21/09/2023 constituíuse o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura dun posto de persoal directivo na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, subdirección de Mobilidade de Terras, nomeado por

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





Resolución da Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 30/06/2023.

QUINTO: En virtude deste nomeamento e constando como única candidata; Digna Irene López Campos, o tribunal en sesión do 21/09/2023 procedeu a valoración dos méritos alegados nos apartados de formación e experiencia laboral, acadando a seguinte puntuación.

	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Formación	20	20
Experiencia Laboral	20	14

SEXTO: Na sesión que tivo lugar o 22/09/2023 ,o tribunal ,unha vez analizado o plan de actuación , e atendendo aos criterios recollidos nas bases da convocatoria, o tribunal acordou concederlle 9 puntos, neste apartado.

SETIMO: Á vista do anterior o tribunal acordou concederlle a Digna Irene López Campos **** 245M; unha puntuación provisional de 43 puntos.

OITAVO: Esta puntuación provisional foi publicada na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural sen que se teñan presentado reclamación ningunha no prazo conferido.

Á vista do anterior, o tribunal ACORDA:

1. Conceder a Digna Irene López Campos **** 245M a seguinte puntuación definitiva para a FASE A :

FASE A	Puntuación máxima	Puntuación obtida
Formación	20	20
Experiencia Laboral	20	14
Plan de actuación	15	9





Total	55	43
-------	----	----

2. Convocar a candidata para a defensa do Plan de Actuación o día 10 de outubro ás 16.00h , na sede da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, sita no Lugar da Barcia 56, Laraño en Santiago de Compostela.

En Santiago de Compostela; na data da sinatura dixital

O presidente do tribunal

(Resolución da Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 20/07/2023)

Francisco Paz Feijoo

